XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es

galicia

**RESOLUCIÓN DO 20 DE MARZO DE 2019 POLA QUE SE APROBA O PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA PARA O ANO 2019**

O título VIII da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle os mecanismos de control e garantía pública do sistema galego de servizos sociais.

No artigo 59 a lei atribúe á Xunta de Galicia a competencia sobre o Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, a autorización e acreditación de centros, servizos e programas sociais; o asesoramento e a asistencia técnica ás entidades e institucións que participen na prestación dos servizos sociais, a supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais, e o exercicio das potestades inspectora e sancionadora.

Pola súa banda, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 40 que están suxeitas á inspección de servizos sociais todas as entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co disposto no artigo 42 deste decreto, a actividade inspectora organízase de conformidade coas directrices e coas prioridades acordadas no plan anual de inspección aprobado pola persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

O plan de inspección fixará os obxectivos anuais da unidade en relación cos servizos existentes no momento no que se elabore. Ademais, recollerá os datos referidos ao ano anterior e avaliará o grao de cumprimento da planificación realizada.

Polo exposto, o plan de inspección constitúe o marco de actuación da inspección de servizos sociais en Galicia para en cada exercicio, establecendo obxectivos xerais e específicos de cada unha das áreas estratéxicas e integrando as actuacións que vai a realizar a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais para o cumprimento dos obxectivos de mellora da calidade dos servizos sociais e a garantía dos dereitos das persoas usuarias.

Non obstante, esta planificación debe conciliarse con outras actuacións acordadas pola consellería, ou que deriven de necesidades sobrevidas derivadas de circunstancias excepcionais ou da tramitación das queixas que presenten as persoas usuarias dos servizos.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



O plan de inspección para o ano 2019 segue unha liña coherente coas actuacións priorizadas nos últimos anos, en relación coa garantía dos dereitos das persoas usuarias e procurando o incremento da calidade nos servizos desenvoltos polas entidades prestadoras de servizos sociais.

Así mesmo, os contratos e convenios realizados pola Consellería de Política Social con entidades privadas serán tamén obxecto de seguimento, e reforzarase a supervisión do destino das axudas e subvencións concedidas ás persoas en situación de dependencia e en risco de exclusión social.

Este plan elaborouse tras consultar aos centros directivos e unidades administrativas da Consellería de Política Social, e tendo en conta o resultado da avaliación do plan de inspección do ano anterior.

Polo exposto, e de conformidade co establecido no artigo 42 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia,

**RESOLVO**

1. Aprobar o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2019, que figura como anexo a esta resolución.
2. Este plan estará vixente durante o ano 2019, e prorrogarase de forma tácita ata a entrada en vigor do seguinte plan de inspección.
3. Publicar o plan de inspección na páxina web da Consellería de Política Social aos efectos do seu coñecemento público.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

A conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



**ANEXO I**
**PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA PARA O ANO 2019**

## 1. Ámbito de aplicación

Están suxeitas á inspección de servizos sociais todas as entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Fin e obxectivos específicos

A inspección de servizos sociais ten como fin verificar o estrito cumprimento da normativa aplicable nesta materia, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten á cidadanía no territorio de Galicia.

Para isto, márcanse os seguintes obxectivos específicos:

- Velar polo respecto aos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais, en especial daquelas persoas que reciben servizos de atención residencial.
- Impulsar a implantación de medidas de mellora da calidade nos servizos sociais públicos e privados.
- Velar polo axeitado emprego das axudas e subvencións concedidas, e polo cumprimento das cláusulas contractuais e dos convenios asinados pola Consellería de Política Social nesta área.
- Propoñer medidas para incrementar a eficiencia da oferta de servizos sociais existente e a súa adaptación á conxuntura socioeconómica.

## 3. Principios reguladores

A actuación da inspección baséase nos principios de eficacia, responsabilidade, accesibilidade e servizo á cidadanía e cooperación interadministrativa.

O persoal inspector, no exercicio das súas funcións, ten a condición de autoridade pública e actúa con plena independencia, obxectividade e imparcialidade de conformidade cos principios de especialización de funcións e profesionalidade.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



## 4. Funcións da inspección de servizos sociais

De conformidade co artigo 73 Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, son funcións da inspección de servizos sociais:

a) Verificar o cumprimento dos requisitos e das condicións exixibles para a prestación e o funcionamento dos servizos de conformidade coa súa normativa sectorial específica e mais para a acreditación en materia de servizos sociais.
b) Velar polo respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais.
c) Controlar o cumprimento da normativa vixente e o nivel de calidade dos servizos sociais que se presten no territorio de Galicia, e pode formular propostas de mellora na calidade dos servizos sociais.
d) Asesorar, no exercicio das actuacións de inspección, ás entidades prestadoras de servizos sociais titulares ou xestoras de centros, programas ou servizos e as persoas usuarias ou os seus representantes legais sobre os seus respectivos dereitos e deberes e sobre a forma de cumprir as disposicións vixentes sobre a materia.
e) Emitir informe sobre o destino e a adecuada utilización das subvencións e axudas públicas percibidas por persoas físicas ou xurídicas en materia de servizos sociais, así como sobre calquera outra axuda económica articulada a través de convenios, contratos ou outras figuras establecidas na normativa vixente.
f) Recibir e investigar queixas e reclamacións.
g) Emitir informes e propoñer a iniciación de expedientes sancionadores, a adopción de medidas cautelares, a clausura ou o cesamento definitivo de servizos, centros e programas, a suspensión ou o cesamento temporal de servizos, centros e programas, a revogación das autorizacións e das resolucións ditadas no procedemento de comprobación no caso de servizos suxeitos a declaración responsable, así como a revogación e suspensión das acreditacións concedidas.
h) Todas aquelas funcións que lle encomende esta lei ou a súa normativa de desenvolvemento.

## 5. Liñas estratéxicas de actuación para o ano 2019

**Liña 1: Información e asesoramento en materia de rexistro e autorización de centros, programas ou servizos**

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



Para o ano 2019 establécense os seguintes obxectivos:

- Establecer a tramitación unicamente electrónica de todos os procedementos xestionados pola subdirección, co fin de avanzar nos fins da administración electrónica, eliminar o uso de papel, e facilitar a relación da administración coas entidades e persoas coas que se relaciona.
- Actualización permanente do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (en adiante, RUEPSS), co fin de garantir a máxima transparencia para a cidadanía en canto ás entidades, centros e programas de servizos sociais existentes en Galicia.
- Actualización que sexa precisa dos contidos da Asesoría Virtual de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, como medio para facilitar o coñecemento polas entidades sobre as funcións e actividades que se realizan dende a inspección.
- Reforzar as labores de asesoramento ás entidades para o cumprimento da normativa vixente no relativo á posta en marcha de centros, programas ou servizos, e ao adecuado funcionamento destes.
- Realización de visitas de inspección para a concesión do permiso de inicio de actividades, ou para autorizar as modificacións substanciais e os cesamentos de actividades.
- Incorporación ao RUEPSS da información sobre o financiamento que recibiron durante o ano 2018 ás entidades inscritas, co fin de dispoñer dunha visión integral das axudas concedidas por cada centro directivo da Consellería de Política Social a cada unha delas.

A data 31 de decembro de 2018, hai inscritas no RUEPSS un total de 2648 entidades.

| | **Expedientes 2018** |
|---|---|
| Inscricións | 169 |
| Modificacións | 180 |
| Cancelacións | 13 |
| Total | 362 |

Por outra banda, a esta mesma data están activos 1711 centros e 483 programas de servizos sociais.

En canto aos procedementos de autorización de centros ou programas de servizos sociais, durante o ano 2018 tramitáronse os seguintes expedientes:

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



| | Expedientes 2018 |
|---|---|
| Creación de centros | 115 |
| Inicio de actividades | 101 |
| Modificación substancial | 86 |
| Cambios de titularidade | 21 |
| Cesamento de actividades | 60 |
| Total | 383 |

No relativo ao número de visitas ás páxinas web xestionadas pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais:

| | Visitas 2018 |
|---|---|
| RUEPSS (https://politicasocial.xunta.gal/XiacWeb/) | 106.300 |
| Asesoría virtual (http://avepss.traballoebenestar.xunta.es/) | 24.821 |

**Liña 2: Inspección e garantía de dereitos**

Nesta liña fíxanse como obxectivos para o ano 2019:

- Envío de controis de legalidade á totalidade de centros e programas autorizados, agás aos centros de xestión propia pola Xunta de Galicia, a aqueles que dependen da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e aos programas de titularidade municipal.
- Revisión e adaptación dos protocolos de inspección existentes para cada unha das áreas.
- Porcentaxe de centros a inspeccionar por tipo de centro:

| Área | Porcentaxe |
|---|---|
| Menores | 100% |
| Infancia | 44% |
| Familia | 78% |
| Maiores* | 35% |
| Discapacidade* | 36% |
| Inclusión | 57% |
| Igualdade | 100% |

* *Priorizaranse as inspeccións de equipamentos residenciais*

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



- Inspección de programas:

| Entidade | Porcentaxe |
|---|---|
| Empresas de axuda no fogar | 55% |

- Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional habilitadas (ECAI) habilitadas:

| Tipoloxía | Porcentaxe |
|---|---|
| ECAI | 100% |

- Outras inspeccións:

| Tipoloxía | Número |
|---|---|
| Centros sociocomunitarios de titularidade da Xunta de Galicia (ademais das visitas por queixa/denuncia) | 2 |
| Expedientes de Renda de Inclusión Social de Galicia e Axudas de Inclusión Social | 50 |

- Tramitación do 100% das denuncias e queixas recibidas, dando resposta ás persoas interesadas en todos os casos.

Nas visitas de inspección incidirase especialmente en:

- Garantía dos dereitos das persoas usuarias en centros residenciais para persoas en situación de dependencia.
- A detección e intervención en caso de malos tratos.
- A protección das persoas coa capacidade modificada. En especial, a comunicación á autoridade xudicial ou administrativa competente, cando sexa esixible, o ingreso ou a saída dos centros de servizos sociais das persoas usuarias; e dar inmediata conta, no caso de incapacidade sobrevida de persoas usuarias, á autoridade xudicial por parte da dirección do centro.
- A racionalización do uso de suxeicións físicas e a súa correcta aplicación e retirada.
- O cumprimento da rateo mínima de persoal esixible a cada tipo de centro.
- Verificación do cumprimento da ocupación máxima dos centros conforme á tipoloxía de centro e á capacidade máxima autorizada.
- Condicións ofertadas polas entidades adxudicatarias dos centros e servizos públicos.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



- Incidir na garantía dos dereitos das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, en especial no que se refire a:
  - O cumprimento da rateo mínima de persoal técnico coordinador, por parte das entidades prestadoras do servizo.
  - O seguimento efectivo da prestación, que o persoal técnico debe realizar nos domicilios das persoas usuarias, velando que o persoal auxiliar realiza as tarefas deseñadas para cada usuario/a.
- Asesoramento e inspección dos servizos comunitarios no que refire á aplicación das disposicións do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

**Liña 3: Calidade e acreditación**

Durante o ano 2019 acometeranse as seguintes actuacións:

- Análise do grao de implantación dos protocolos mínimos de funcionamento nos centros, programas e servizos, de conformidade co que se establece nos protocolos de inspección aprobados en cada área.
- Colaboración con outras unidades administrativas na valoración dos criterios de adxudicación das ofertas establecidos nos contratos que se liciten nos que así se solicite, mediante a constitución de comités de persoas expertas que poidan requirirse.

**Liña 4: Formación e capacitación**

Esta liña de actuación abordará as necesidades formativas tanto do persoal de nova incorporación como a reciclaxe do persoal que xa desempeña as funcións de inspección.

A estes efectos, ao longo do ano promoverase a realización e a participación en xornadas de carácter monográfico sobre as diferentes áreas nas que se desenvolve a inspección, coa colaboración do persoal das unidades competentes en cada unha das materias.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


Así mesmo facilitarase a participación nas acción formativas impartidas por outras entidades públicas ou privadas.

Asemade, valorarase a realización dunha nova edición do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais que prevé o Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

**Liña 5: Mellora e renovación da normativa en materia de servizos sociais**

Fíxase como obxectivo durante o ano 2019:

- Liderar a modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, para os efectos da súa adaptación á Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, respecto do réxime de intervención administrativa no marco dos servizos sociais, de conformidade co disposto na Lei 13/2018, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Participar na elaboración dos anteproxectos normativos nos que se solicite a dita participación.

**6. Metodoloxía**

1. Ás funcións de información e asesoramento ás entidades instruméntanse mediante:

a) O asesoramento e recomendacións en relación cos regulamentos de réxime interior dos distintos centros e programas, a resolución de consultas das entidades prestadoras de servizos sociais (e persoas físicas) que desexan por en funcionamento novos servizos, en relación co deseño, a autorización de centros, programas e servizos; e sobre a mellora da calidade dos servizos sociais en relación con aqueles que xa están en funcionamento.

b) A aplicación de sistemas de avaliación cualitativa cuxos resultados orienten ás directrices a adoptar na prestación da atención ás persoas usuarias e ás súas familias.

2. A función de garantía dos dereitos das persoas usuarias comprende ás actividades de información e asesoramento ás persoas usuarias dos servizos sociais de cara a garantir o respecto dos seus dereitos.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



Así mesmo, ás persoas usuarias poderán remitir directamente queixas e reclamacións á unidade de inspección de servizos sociais co fin de que ás avalíe e, cando proceda, realice ás actuacións oportunas. Do resultado das actuacións realizadas darase conta á persoa interesado no prazo máis breve posible.

3. As funcións de control da legalidade vixente instrumentaranse a través de:

a) A realización de controis da documentación referida aos servizos sociais en funcionamento, en aspectos relacionados ao mantemento das instalacións, pólizas de seguros, carteira de servizos e recursos humanos empregados. Na medida en que sexa posible, facilitarase o cumprimento desta obriga mediante medios informáticos ou telemáticos.
b) Realización de visitas de inspección aos servizos sociais para a comprobación do cumprimento dos requisitos legalmente esixidos pola normativa específica en materia de servizos sociais, con carácter previo ao inicio das actividades e posteriormente, durante o seu funcionamento.
c) Realización de informes de inspección e requirimentos dirixidos ás entidades para a emenda de deficiencias detectadas e/o recomendacións en torno á mellora dos servizos.
d) Proposta da adopción de medidas preventivas e/o provisionais, de clausura de centros, de suspensión de actividades e de inicio de expedientes sancionadores.

4. A función de emisión de informes sobre o financiamento público instruméntase a través de:

a) A emisión de informes sobre a contratación de servizos, á concesión de subvencións ou doutras fórmulas de financiamento público, así como sobre a xestión e o funcionamento dos servizos sociais contratados e o cumprimento das condicións ofertadas.
b) A realización de visitas e informes para a verificación das condicións de desenvolvemento dos servizos, de emprego das axudas e da avaliación dos resultados acadados con elas.

5. Así mesmo, a unidade de inspección de servizos sociais poderá colaborar con outros órganos ou organismos da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas no exercicio das competencias que ten atribuídas.

6. As visitas de inspección realizaranse segundo os seguintes criterios:

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


O persoal inspector poderá acceder libremente, sen previa notificación, e en calquera momento, a todos os centros de servizos sociais, á sede das entidades prestadoras ou ás instalacións de referencia dos servizos ou programas. Non obstante, notificarase previamente a actuación no caso das visitas previas aos permiso de apertura de centros e nas inspeccións que se realicen aos servizos comunitarios dos concellos.

Durante a visita de inspección, o persoal inspector está facultado para acceder a todas as dependencias, para efectuar toda clase de comprobacións materiais, documentais, rexistrais e contables, para entrevistarse con carácter privado cos e cas profesionais e coas familias/persoas usuarias ou aos seus representantes legais, e para realizar cantas outras actuacións conduzan a un mellor coñecemento dos feitos.

## 7. Liñas específicas de actuación para o ano 2019

### 7.1. Familia e menores

#### 7.1.1. Regularización de centros

Durante o ano 2018 continuouse coa tramitación tendente á regularizar os centros que estaban en funcionamento sen contar co preceptivo permiso.
En 2019 continuarase co proceso de regularización destes centros, que son os seguintes:

| Centros pendentes de regularización | Concello |
|---|---|
| Escola infantil Breogán | Santiago de Compostela |
| Espazo infantil Xoaniña | Verín |

#### 7.1.2. Obxectivos a acadar na área de menores

- Inspección do 100% dos centros de menores.
- Na inspección dos centros titularidade da Xunta de Galicia que estean xestionados por outras entidades, e os centros titularidade doutras entidades con prazas contratadas ou conveniadas pola Consellería de Política Social, verificarase o cumprimento do contrato administrativo ou convenio asinado. Do resultado destas visitas, así como das visitas realizadas a centros de menores titularidade da Xunta de Galicia de xestión propia, darase conta á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


- Incidirase especialmente na atención prestada ás e aos menores, velando pola garantía dos seus dereitos.
- Realizarase un seguimento aos plans e programas postos en marcha pola Consellería de Política Social.
- Impulsarase, na medida do posible, a adopción de medidas tendentes a mellorar a coordinación entre os Equipos Técnicos de Menores das xefaturas territoriais e os centros en funcionamento.
- Traballarase, de ser preciso, na modificación e adaptación dos protocolos de funcionamento dos centros de menores.
- Impulsarase a realización dun modelo de regulamento de réxime interno para os centros de menores.

**MENORES**

| Provincia | Núm. de centros | | Visitados 2018 | Previstos 2019 |
|---|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | | |
| A Coruña | 21 | 21 | 17 | 21 |
| Lugo | 16 | 16 | 12 | 16 |
| Ourense | 15 | 16 | 12 | 16 |
| Pontevedra | 34 | 34 | 22 | 34 |
| Total | 86 | 87 | 63 | 87 |

| | Inspeccións 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|
| Subvencións e convenios da área de menores | 5 | 2 |

**7.1.3 Na área de infancia establécense os seguintes obxectivos:**

- Inspección de 260 de centros de atención á infancia, o que supón o 44% destes recursos.
- Incidirase especialmente en:
  - Cumprimento das rateos mínimas de persoal esixidas pola normativa aplicable a cada tipo de centro, e en que este posúa a formación requirida.
  - Verificación do cumprimento da ocupación máxima dos centros conforme a capacidade máxima autorizada e á tipoloxía de centro autorizado.
  - Implementación efectiva do currículo educativo das escolas infantís, poñendo o acento nos aspectos relacionados coa proposta pedagóxica.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



- Condicións de seguridade dos centros.
- Garantía dos dereitos das nenas e nenos, e das familias.

- Visitas para a posta en funcionamento de 15 novas casas niño, proxectos destinados á atención de nenas e nenos de ata 3 anos de idade, e establecidas nos núcleos rurais en que non exista ningún outro recurso de atención continuada á infancia ata esta idade; así como o seguimento destas e dos 46 proxectos aprobados en anos anteriores. Isto supón a realización de 76 visitas.
- Emisión da totalidade dos informes que se requiran para a concesión de financiamento público a centros de atención á infancia.

**INFANCIA**

| Centros* | Núm. de centros | | Visitados 2018 | Previstos 2019 |
|---|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | | |
| A Coruña | 247 | 248 | 114 | 115 |
| Lugo | 67 | 72 | 23 | 24 |
| Ourense | 77 | 76 | 26 | 27 |
| Pontevedra | 194 | 197 | 93 | 94 |
| Total | 585 | 593 | 256 | 260 |

** Escolas infantís, puntos de atención á infancia, ludotecas e espazos infantís.*

| Outras inspeccións | Realizadas 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|
| Casas niño | 66 | 76 |

Ademais, realizarase un seguimento especial aos centros con licenza de centro de ocio infantil que poidan estar a funcionar como centros de atención á infancia: escolas infantís, espazos infantís e ludotecas.

**7.1.4. Obxectivos a acadar na área de familia** :

- Inspección do 100% dos Puntos de Encontro Familiar (PEF).
- Nas visitas de inspección realizadas aos PEF titularidade da Xunta de Galicia que estean xestionados por outras entidades, verificarase o cumprimento do contrato administrativo

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


asinado. Do resultado destas visitas darase conta á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

- Inspección do 100% das Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (ECAIS) actualmente habilitadas.

**PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR**

| Provincia | Núm. de centros | | Visitados 2018 | Previstos 2019 |
|---|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | | |
| A Coruña | 3 | 3 | 3 | 3 |
| Lugo | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Ourense | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Pontevedra | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Total | 7 | 7 | 7 | 7 |

**ECAIS**

| Núm. de entidades | | Visitadas 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|---|
| 2018 | 2019 | | |
| 7 | 7 | 1 | 7 |

**7.1.5 Outras previsións (estimación)**

| | Inspeccións 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|
| Autorizacións inicio actividade | 30 | 25 |
| Queixas/denuncias* (sen visita ordinaria), funcionamentos irregulares, seguimento | 62 | 60 |

** Nº queixas tramitadas 2018: 63*

**7.2 Maiores, discapacidade e dependencia**

**7.2.1. Regularización de centros**

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


Durante o ano 2018 continuouse coa regularización dos centros que pese a estar en funcionamento non contaban con autorización definitiva de inicio de actividades. Finalmente, obtiveron o permiso de inicio de actividades:

| **Centros regularizados en 2018** | **Provincia** |
|---|---|
| Residencia de maiores San Rafael | Mondoñedo |
| Vivenda tutelada Méndez Núñez | Pontevedra |

Durante o ano 2019 proseguirase o proceso de regularización dos centros de atención a persoas maiores e discapacidade que están en funcionamento.

Estes centros son os seguintes:

| **Centros pendentes de regularización** | **Concello** |
|---|---|
| Residencia de maiores Blanco Monroy | Noia |
| Residencia de maiores Nosa Señora dos Anxos | Ribadavia |
| Residencia de maiores San Sebastián e San Lázaro | Ribadeo |
| Vivenda comunitaria de Maiores Ribadeo | Ribadeo |
| Residencia para persoas maiores Castro de Rei | Castro de Rei |
| Centro ocupacional Prodeme | Monforte de Lemos |

### 7.2.2 Inspección de centros autorizados

No que se refire ao centros autorizados realizaranse as seguintes inspeccións:

- Inspección do 35% dos centros residenciais de persoas maiores.
- Inspección do 36% centros residenciais de persoas con discapacidade.
- Os fogares/clubs (20 centros), dada a súa tipoloxía, non serán obxecto de inspección, salvo no caso de denuncia.
- Incidirase especialmente en:
    - Cumprimento das rateos mínimas de persoal esixidas pola normativa aplicable a cada tipo de centro, e en que este posúa a formación requirida.
    - Verificación do cumprimento da ocupación máxima dos centros conforme a capacidade máxima autorizada e á tipoloxía de centro autorizado.

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


- Na inspección dos centros titularidade da Xunta de Galicia que estean xestionados por outras entidades, e os centros titularidade doutras entidades con prazas contratadas pola Consellería de Política Social, verificarase o cumprimento do contrato administrativo. Do resultado destas visitas, así como das visitas realizadas a centros titularidade da Xunta de Galicia de xestión propia, darase conta á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, aos efectos de que poida verificar o cumprimento do contrato administrativo asinado.
- En todas as visitas aos centros comprobaranse a exactitude dos datos referidos ás libranzas vinculadas á adquisición destes servizos, segundo as nóminas remitidas dende as xefaturas territoriais.

Como novidade, no período de xuño a setembro realizaranse as seguintes campañas específicas de inspección nos centros residenciais de atención a persoas maiores:

- Campaña de verificación do cumprimento da ocupación máxima dos centros
- Campaña de comprobación da rateo mínima de persoal de atención directa

**CENTROS DE MAIORES**

| Provincia | Núm. de centros | | Visitados 2018 | Previstos 2019 |
|---|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | | |
| A Coruña | 183 | 190 | 52 | 56 |
| Lugo | 103 | 116 | 39 | 43 |
| Ourense | 153 | 161 | 59 | 62 |
| Pontevedra | 148 | 151 | 51 | 55 |
| Total | 587 | 618 | 201 | 216 |

** Non se inclúen fogares e clubs*

**CENTROS DE DISCAPACIDADE**

| Provincia | Núm. de centros | | Visitados 2018 | Previstos 2019 |
|---|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | | |
| A Coruña | 103 | 104 | 36 | 38 |
| Lugo | 37 | 37 | 13 | 17 |

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ourense | 31 | 31 | 12 | 15 |
| Pontevedra | 79 | 78 | 18 | 20 |
| Total | 250 | 250 | 79 | 90 |

** Inclúe centros con permiso provisional*

### 7.2.3 Inspección de convenios e subvencións

- Inspección de cursos, programas e convenios de colaboración asinados pola Consellería con entidades prestadoras de servizos socias na área de maiores e discapacidade, co fin de comprobar a correcta xestión e aplicación dos fondos públicos.

| | Inspeccións 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|
| Subvencións e convenios | - | 2 |

### 7.2.4 Outras previsións (estimación)

| | Inspeccións 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|
| Autorizacións inicio actividade | 31 | 32 |
| Queixas/denuncias (sen visita ordinaria), funcionamentos irregulares, seguimento | 49 | 55 |

** Nº queixas tramitadas 2018: 217*

## 7.3 Servizos comunitarios e inclusión social

### 7.3.1 Servizo de axuda no fogar de entidades privadas

- Inspección a 100 empresas privadas de axuda no fogar, priorizando as visitas as empresas que estean a xestionar programas de titularidade local e as que presten servizo a persoas usuarias de libranza vinculada ao servizo de axuda no fogar, neste último caso comprobándose que a prestación se destina á adquisición destes servizos, segundo as nóminas remitidas polas distintas xefaturas territoriais.
- Estímase a realización de 100 visitas domiciliarias co obxecto de comprobar a efectiva adquisición dos servizos e as súas intensidades, así como a adecuación dos servizos establecidos nos plans de atencións individuais e os seguimentos das persoas usuarias

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


(daráselle prioridade aos domicilios que teñan concedida unha libranza vinculada a adquisición do servizo e aqueles de persoas usuarias do sistema da dependencia que perciben os servizos a través de empresas xestoras dos programas de axuda no fogar dos concellos).

**SAF PRIVADO**

| Núm. de entidades | | Visitadas 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|---|
| 2018 | 2019 | | |
| 180 | 180 | 99 | 100 |

**VISITAS DOMICILIARIAS SAF**

| | |
|---|---|
| **Realizadas en 2018** | 87 |
| **Previstas en 2019** | 100 |

**7.3.2 Servizos sociais comunitarios**

- No ano 2019 continuarase co obxectivo de asesorar aos concellos para que os distintos programas que se levan a cabo neste nivel de atención se adapten a normativa de aplicación.
- Nas visitas prestarase especial atención ao programa de axuda no fogar, comprobando que o servizo se adapta as necesidades das persoas usuarias e que se están a realizar as visitas de seguimento da prestación nos domicilios dos usuarios/as.
- Asesorarase no rexistro e comunicación das diminucións horarias que xorden na prestación do servizo de axuda no fogar e que minoran no mes de referencia as horas efectivamente prestadas que constan no SIGAD-CONCELLOS, co obxecto de que as horas financiadas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade sexan as efectivamente prestadas nos domicilios das persoas usuarias.
- Estímase a realización de 100 visitas aos servizos sociais comunitarios dos concellos, co obxecto de coordinar e controlar a calidade dos programas comunitarios que están a desenvolver, prestando especial atención ao servizo de axuda no fogar.
- Velar pola garantía dos dereitos das persoas usuarias en relación cos devanditos programas, así como comprobar a adecuación á súa finalidade das subvencións percibidas a través do Plan concertado de servizos sociais.
- Estímase a realización de 25 visitas domiciliarias naqueles concellos que presten o servizo directamente, que se incluirán dentro das 100 visitas propostas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



**SERVIZOS COMUNITARIOS**

| | Visitados no 2018 | Previstos no 2019 |
|---|---|---|
| Concellos | 98 | 100 |

### 7.3.3 Subvencións, convenios e prestacións

Durante 2019:

- No 2019 como novidade realizáranse visitas de seguimento aos servizos de atención temperá que se desenvolven de xeito individual ou compartido polas entidades locais de Galicia no marco da Rede galega de atención temperá, (regulada polo Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede ).
- Realizaranse 10 visitas de seguimento de itinerarios de inclusión social, cursos, subvencións e convenios segundo os criterios acordados coas distintas unidades administrativas.
- En canto ao seguimento de RISGA e AIS, suxeito aos datos remitidos polas distintas xefaturas territoriais, realizaranse 50 seguimentos de expedientes desta natureza. O obxectivo e constatar na medida do posible, o mantemento dos requisitos que deron lugar a citada prestación. No caso das AIS, verificarase que a axuda se destinou a finalidade para a que foi concedida.
- Realizaranse un mínimo de 6 visitas de inspección do programa de apoio a mobilidade persoal, no que se comprobará o grao de cumprimento da normativa de aplicación das empresas adxudicatarias do servizo.

| | Inspeccións 2018 | Previstas 2019 |
|---|---|---|
| Programa apoio á mobilidade persoal | - | 6 |
| Subvencións, contratos e convenios | 14 | 10 |
| Expedientes RISGA e AIS | 67 | 50 |

### 7.3.4 Centros de inclusión, de igualdade e sociocomunitarios

- Durante o ano 2019 realizaranse visitas de control de calidade ao 57% dos centros de inclusión autorizados, incidindo na comprobación dos ingresos voluntarios, na necesidade

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es



de facer unha valoración inicial ao ingreso no centro e na adopción das medidas de protección que sexan necesarias para as persoas usuarias. Tamén se verificará a existencia do proxecto de inclusión social/inserción laboral de todas as persoas residentes nos centros.

- Visitarase o 100% dos centros de igualdade e 2 centros sociocomunitarios de titularidade da Xunta de Galicia.
- Emitiranse os informes solicitados polos departamentos da Consellería, en relación coas subvencións solicitadas polas entidades titulares dos centros de inclusión.

| | **Núm. de centros** | | **Visitados 2018** | **Previstos 2019** |
|---|---|---|---|---|
| | **2018** | **2019** | | |
| Centros inclusión | 66 | 70 | 35 | 40 |
| Centros igualdade | 10 | 11 | 2 | 11 |
| Centros sociocomunitarios | 44* | 44* | - | 2 |

** Titularidade da Xunta de Galicia*

### 7.3.5 Outras previsións (estimación)

| | **Inspeccións 2018** | **Previstas 2019** |
|---|---|---|
| Autorizacións inicio actividade | 5 | 8 |
| Queixas/denuncias (sen visita ordinaria), funcionamentos irregulares, seguimento | 12 | 10 |

** Nº queixas tramitadas 2018: 99*

## 7.4 Conclusións

### 7.4.1 Resume dos obxectivos de inspección previstos pola unidade para o ano 2018

| **Inspeccións previstas 2018 (plan 2017 prorrogado)** | **Inspeccións realizadas 2018 (plan 2017 prorrogado)** | **Grao de cumprimento do plan** |
|---|---|---|
| 1.459 | 1.269 | 86,97% |

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697
inspeccion.centros@xunta.es


### 7.4.2 Datos de obxectivos por áreas:

| | Familia e menores | Maiores, discapacidade e dependencia | Servizos comunitarios e inclusión social | Total |
|---|---|---|---|---|
| N.º inspeccións previstas Plan 2018 | 498 | 405 | 556 | 1.459 |
| N.º inspeccións realizadas 2018 | 490 | 360 | 419 | 1.269 |
| N.º de inspeccións previstas Plan 2019 | 524 | 395 | 437 | 1.356 |

**Notas**:

Durante 2018 estiveron de baixa:

- No Servizo de Inspección de Familia e Menores: un inspector durante varios meses
- No servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia: 2 inspectores durante varios meses